CONVOCATORIA	Nomeamento, como funcionariado interino por execución de programa de carácter temporal, dun/dunha técnico/a de comunicación, para a execución do programa de carácter temporal "Plan de actuación integrado de entidades locais-desenvolvemento urbano"
PRAZA/PUESTO	Técnico/a de comunicación
TIPO	PRIMERO EXERCICIO –TEST
DATA	29/06/2026

1. O artigo 18.4 da Constitución Española establece que para garantir a honra e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos, a lei limitará:

a) O segredo das comunicacións e, en especial, das postais, telegráficas e telefónicas

b) O uso da informática

c) A entrada ou rexistro no domicilio

d) O dereito para comunicar ou recibir libremente información veraz por calquera medio

2. O artigo 17 da Constitución Española establece expresamente que ten/teñen dereito á liberdade e á seguridade:

a) Todos os españois

b) Todos os cidadáns

c) Toda persoa

d) Todos os residentes en territorio español

3. O artigo 32.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece expresamente que existen en todas as Deputacións:

a) O Presidente, os Vicepresidentes, a Xunta de Goberno e o Pleno

b) O Presidente, os Deputados Delegados, a Comisión de Goberno e o Consello de Goberno

c) O Alcalde-Presidente, os Vicepresidentes, a Comisión de Goberno e o Pleno

d) O Alcalde-Presidente, os Deputados Delegados, a Xunta de Goberno e o Consello de Goberno

4. Segundo o disposto no artigo 36.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), son competencias propias da deputación ou entidade equivalente as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, as seguintes (sinale a resposta incorrecta):

a) A asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión

b) A prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes

c) A coordinación mediante convenio, coa Comunidade Autónoma respectiva, da prestación do servizo de mantemento e limpeza dos consultorios médicos nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes

d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito

5. De conformidade co disposto no Título III da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Privados e garantía dos dereitos dixitais, cal dos seguintes non se recolle expresamente como un dereito das persoas para a protección dos seus datos privados?:

a) Dereito de acceso

b) Dereito de rectificación

c) Dereito de exclusión

d) Dereito de oposición

6. Na clasificación dos empregados públicos establecida no artigo 8.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), non se inclúe a:

a) Persoal laboral temporal

b) Funcionarios interinos

c) Persoal externo

d) Persoal eventual

7. Segundo se recolle no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), os empregados públicos teñen os seguintes dereitos individuais que se exercen de forma colectiva:

a) Á liberdade sindical

b) A recibir protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo

c) Á libre asociación profesional

d) A participar na consecución dos obxectivos atribuídos á unidade onde preste os seus servizos

8. Segundo o artigo 15 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes informará a actuación de todos os Poderes Públicos:

a) Con carácter estratéxico

b) Con carácter transversal

c) Con carácter xeral

d) Con carácter integral

9. A Lei 29/2005 establece que a Comisión de publicidade e comunicación institucional poderá acordar como medida cautelar, por petición da persoa interesada, a suspensión provisional dunha campaña. Sinala a opción correcta:

a) Non está prevista a suspensión cautelar das campañas

b) A suspensión cautelar está condicionada a que se aprecien indicios de infracción manifesta dos artigos 3.2 e 4

c) O prazo máximo para resolve-la suspensión cautelar será de seis días

d) A persoa interesada poderá solicita-la suspensión cautelar desde o comezo ata o día anterior a que finalice a actividade publicitaria

10. Non é un factor SEO que inflúa no posicionamento da web corporativa:

a) Cantidade de backlinks

b) Palabras clave na páxina

c) Arquitectura web

d) Nome do sitio web

11. Cal é o primeiro paso á hora de planificar unha estratexia de comunicación efectiva nas organizacións?:

a) Desenvolve-la mensaxe

b) Identificar os públicos obxectivo

c) Elixir as canles

d) Identificar a resposta desexada

12. Na planificación de comunicación, os obxectivos encamiñados a crear, reforzar e cambia-las actitudes denomínanse:

a) Obxectivos afectivos

b) Obxectivos cognitivos

c) Obxectivos conativos

d) Obxectivos de produción

13. Pode a Deputación desenvolver unha campaña de comunicación institucional en perigo electoral?:

a) Nunca

b) Si, sempre que non destaque os logros do Goberno provincial

c) Si, se é imprescindible para a salvagarda do interese público ou desenvolvemento dos servizos públicos.

d) Só se o autoriza a Xunta Electoral Central

14. A primeira axencia de Relacións Públicas e Comunicación institucional de España xurdiu en:

a) 1955

b) 1960

c) 1975

d) 1978

15. O Plan anual de publicidade e comunicación institucional segundo a Lei 29/2005 (Sinala a opción incorrecta):

a) Deberá ser elaborado pola Comisión de Publicidade e Comunicación institucional

b) Deberá ser aprobado polo Consello de Ministros

c) Deberá ser remitido ás Cortes Xerais no último período de sesións de cada ano

d) Deberá incluír o obxectivo de cada campaña, custo, período de execución, ferramentas de comunicación empregadas, sentido das mensaxes, destinatarios e organismos e entidades afectadas

16. En situacións de risco e crise ¿en que fase se comunican os riscos, se realiza un posicionamento ante o conflito e se desenvolve o plan de xestión de crise?:

a) Fase estratéxica

b) Fase reactiva

c) Fase proactiva

d) Fase de recuperación

17. Que diferenza mellor a narrativa transmedia da simple adaptación dun contido:

a) A adaptación elimina sempre a necesidade dun relato común

b) A narrativa transmedia busca que cada peza amplíe o conxunto narrativo e poida entenderse de forma coordinada co resto

c) A narrativa transmedia obriga a empregar exclusivamente formatos audiovisuais

d) A adaptación é sempre interactiva e a narrativa transmedia nunca o é

18. Cando se fala de audiencias en redes sociais, a segmentación permite:

a) Evitar adaptar as mensaxes aos distintos públicos

b) Publicar contidos unicamente para persoas xa fidelizadas

c) Axustar contidos, formatos e linguaxes ás características e necesidades dos diferentes grupos de destinatarios

d) Eliminar a necesidade de establecer obxectivos de comunicación

19. Antes de publicar de forma profesional en redes sociais dunha administración, que debe estar definido con carácter prioritario:

a) A cor exacta de cada emoji que se empregará nas respostas

b) Os obxectivos, públicos, canles, ton, calendario, responsabilidades e protocolo de resposta

c) A obriga de publicar o mesmo número de mensaxes en todas as plataformas

d) A supresión de calquera comentario crítico para manter unha imaxe positive

20. Que tipo de contido resulta máis apropiado para unha rede social dunha administración pública:

a) Información clara, contrastada, accesible, actualizada e ligada a fontes ou trámites oficiais

b) Mensaxes ambiguas deseñadas para xerar suspense e aumentar a espera cidadá

c) Opinións persoais do equipo de comunicación sen identificación institucional

d) Contidos promocionais sen relación cos servizos públicos nin co interese xeral

21. Que uso é máis propio dunha páxina institucional en Facebook:

a) Substituír a sede electrónica como único espazo de tramitación administrativa

b) Actuar como canle de información pública, difusión de novidades, eventos, avisos e interacción moderada coa cidadanía

c) Publicar só contidos efémeros que desaparezan en 24 horas

d) Usarse exclusivamente para mensaxes privadas sen contidos públicos

22. Para que é especialmente útil X na comunicación dunha administración pública:

a) Para substituír calquera documento oficial por mensaxes breves sen contexto

b) Para comunicación en tempo real, seguimento de conversacións públicas, avisos, fíos explicativos e derivación a fontes oficiais

c) Para almacenar vídeos longos como repositorio principal

d) Para crear grupos pechados de mensaxeira instantánea con todos os veciños

23. Cal é unha boa práctica no uso institucional de YouTube:

a) Publicar vídeos sen título nin descrición para favorecer a curiosidade

b) Organizar contidos en listas de reprodución, engadir descricións claras, subtítulos cando proceda e ligazóns a información oficial

c) Utilizar a canle só para comentarios de texto sen material audiovisual

d) Eliminar vídeos informativos unha vez publicados en redes sociais

24. Que é un calendario editorial nunha estratexia de contidos en medios sociais:

a) Unha lista informal de ideas sen datas, responsables nin estado de execución

b) Un documento que ordena temas, datas, canles, formatos, responsables, copys, estado e necesidades de validación

c) Unha ferramenta reservada unicamente á publicidade de pago

d) Un arquivo que substitúe os criterios de accesibilidade e linguaxe clara

25. Antes de producir unha publicación para medios sociais dunha administración pública, cal é a decisión máis axeitada:

a) Escoller a música ou o efecto visual que estea de moda nese momento

b) Definir obxectivo, público destinatario, mensaxe principal, canle e chamada á acción

c) Publicar o mesmo texto e a mesma imaxe en todas as plataformas para aforrar tempo

d) Priorizar sempre a cantidade de publicacións fronte á calidade do contido

26. Nunha campaña institucional sobre mobilidade sostible, que práctica favorece a difusión orgánica sen comprometer o rigor da mensaxe:

a) Empregar titulares ambiguos para provocar discusións entre as persoas usuarias

b) Usar o maior número posible de etiquetas, aínda que non teñan relación co contido

c) Eliminar datos técnicos e referencias para facer a mensaxe máis emocional

d) Combinar unha idea clara, un formato nativo da plataforma, un gancho inicial e información verificada

27. Que se entende por contido xerado polas persoas usuarias nunha estratexia de medios sociais:

a) O contido redactado polo gabinete de comunicación para publicalo en nome da institución

b) O material creado por axencias externas para anuncios de pagamento

c) As imaxes, vídeos ou testemuños creados pola cidadanía e reutilizables coa autorización correspondente

d) As estatísticas internas que se extraen das plataformas de analítica

28. Nun calendario editorial para medios sociais, que criterio permite mellorar a eficacia do contido:

a) Publicar só cando exista unha orde directa, sen planificación previa nin revisión posterior

b) Definir obxectivos, públicos, formatos, responsables, datas e indicadores de seguimento

c) Medir unicamente o número de seguidores, con independencia dos obxectivos de comunicación

d) Combinar asuntos institucionais con contidos alleos ao servizo público para aumentar interaccións

29. Nunha estratexia audiovisual omnicanle, que criterio é o máis adecuado:

a) Difundir sempre a mesma peza completa en todas as canles para manter a unidade visual

b) Publicar primeiro nas plataformas con máis seguidores e descartar as demais

c) Reservar os vídeos longos para redes efémeras e os cortes curtos para a web institucional

d) Partir dunha mensaxe común e adaptar todos os parámetros a cada canle

30. Que vantaxe ofrece planificar series ou formatos recorrentes en Instagram, YouTube ou TikTok:

a) Impide que sexa necesario medir resultados de cada publicación

b) Garante automaticamente o crecemento de seguidores en todas as plataformas

c) Facilita o recoñecemento da mensaxe e a coherencia editorial

d) Permite reutilizar sempre a mesma peza sen cambios de formato

31. Que conxunto de indicadores resulta máis útil para avaliar unha campaña dixital institucional orientada á información cidadá:

a) Alcance, impresións, interaccións, taxa de engagement, clics e reaccións

b) Número de publicacións realizadas sen analizar resultados

c) Comentarios positivos das audiencias

d) Cantidade de hashtags empregados en cada publicación

32. Que diferenza básica existe entre alcance e impresións nun informe de medios sociais:

a) O alcance mide persoas ou contas únicas expostas ao contido, mentres as impresións miden o número total de veces que se mostrou

b) O alcance mide o número total de veces que se mostrou un contido, mentres as impresións miden as persoas ou contas únicas expostas ao contido

c) O alcance só existe en vídeo e as impresións só en texto

d) Non existe diferenza, son sempre o mesmo indicador

33. Segundo o Regulamento (UE) 2021/1060, publicado no «DOUE» núm. 231, de 30 de xuño do 2021, os Estados membros, as autoridades de xestión e os beneficiarios utilizarán o emblema da Unión cando realicen actividades de visibilidade, transparencia e comunicación. En que artigo se regula esta obriga?:

a) Artigo 46

b) Artigo 47

c) Artigo 48

d) Artigo 50

34. Segundo artigo 48.1 do Regulamento (UE) 2021/1060, publicado no «DOUE» núm. 231, de 30 de xuño do 2021, quen deberá designar un coordinador de comunicación para as actividades de visibilidade, transparencia e comunicación relacionadas coa axuda dos Fondos?:

a) A Comisión Europea

b) Cada Estado membro

c) Cada beneficiario

d) O Parlamento Europeo

35. Segundo o Regulamento (UE) 2021/1060, publicado no «DOUE» núm. 231, de 30 de xuño do 2021, os beneficiarios deberán incluír no seu sitio web oficial, cando exista, unha breve descrición da operación, cos seus obxectivos e resultados, destacando a axuda financeira da Unión. En que artigo se regula esta obriga?:

a) Artigo 47

b) Artigo 49

c) Artigo 50.1.a

d) Anexo VIII

36. Segundo o Regulamento (UE) 2021/1060, publicado no «DOUE» núm. 231, de 30 de xuño do 2021, os documentos e materiais de comunicación destinados ao público ou aos participantes deberán destacar de maneira visible o apoio da Unión Europea. En que precepto se establece esta obriga?:

a) Artigo 48.2

b) Artigo 49.6

c) Artigo 50.1.b

d) Artigo 63

37. Segundo o artigo 24.1 da Orde HAC/1072/2024, publicada no «BOE» núm. 242, de 7 de outubro do 2024, as entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas de información e publicidade establecidas:

a) Nos artigos 36 e 74 do Regulamento (UE) 2021/1060

b) Nos artigos 47 e 50 e o anexo IX do Regulamento (UE) 2021/1060

c) Nos artigos 63 e 64 do Regulamento (UE) 2021/1060

d) Exclusivamente o anexo IX do Regulamento (UE) 2021/1060

38. Segundo o artigo 24.2 da Orde HAC/1072/2024, publicada no «BOE» núm. 242, de 7 de outubro do 2024, as entidades beneficiarias deberán nomear:

a) Un responsable financeiro

b) Un coordinador de contratación

c) Unha persoa responsable en materia de comunicación

d) Un interventor específico do proxecto

39. Segundo o artigo 24.4 da Orde HAC/1072/2024, publicada no «BOE» núm. 242, de 7 de outubro do 2024, as entidades beneficiarias deberán seleccionar como mínimo:

a) Tres operacións destacadas

b) Dúas operacións destacadas

c) Unha operación destacada

d) Cinco operacións destacadas

40. Segundo o artigo 21 da Orde HAC/1072/2024, publicada no «BOE» núm. 242, de 7 de outubro do 2024, as entidades beneficiarias están obrigadas a:

a) Facilitar os elementos necesarios para as actuacións de comprobación e control financeiro

b) Solicitar autorización previa para todas as contratacións

c) Remitir mensualmente os expedientes completos á Comisión Europea

d) Realizar auditorías externas anuais obrigatorias

PREGUNTAS DE RESERVA

41. De conformidade co sinalado no artigo 36.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en todo caso a deputación garantirá a prestación dos servizos de secretaría e intervención:

a) Nos Municipios de menor capacidade económica e de xestión

b) Nos Municipios con poboación inferior a 1.000 habitantes

c) Nos Municipios con poboación inferior a 5.000 habitantes

d) Nos Municipios con poboación inferior a 10.000 habitantes

42. A publicidade institucional debe respectar o principio de:

a) Rendibilidade económica

b) Exclusividade informativa

c) Neutralidade institucional

d) Competencia comercial

43. Que son os piares de contido dentro dunha estratexia de medios sociais:

a) As persoas con máis seguidores que comparten publicacións institucionais

b) As categorías temáticas estables que ordenan a comunicación segundo obxectivos e públicos, como mobilidade, espazo público, patrimonio ou clima

c) As plataformas que permiten publicar sen planificación previa

d) Os indicadores económicos que determinan a contratación de publicidade

44 En Instagram, que formato adoita ser especialmente axeitado para explicar de forma visual un proceso, unha obra ou unha transformación urbana por pasos:

a) Un carrusel con imaxes ou láminas secuenciais e textos breves

b) Unha ligazón externa cunha imaxe de apoio

c) Un vídeo horizontal longo

d) Unha publicación cun post detallado

45. Segundo o Anexo IX Regulamento (UE) 2021/1060, publicado no «DOUE» núm. 231, de 30 de xuño do 2021, o emblema da Unión deberá figurar de forma claramente visible en:

a) Só en soportes impresos

b) Só en páxinas web institucionais

c) Todo material de comunicación destinado ao público ou aos participantes, incluídos produtos impresos, dixitais e sitios web

d) Exclusivamente nos carteis informativos da obra

CONVOCATORIA	Nomeamento, como funcionariado interino por execución de programa de carácter temporal, dun/dunha técnico/a de comunicación, para a execución do programa de carácter temporal "Plan de actuación integrado de entidades locais-desenvolvemento urbano"
PRAZA/PUESTO	Técnico/a de comunicación
TIPO	PLANTILLA DE RESPOSTAS DO PRIMEIRO EXERCICIO (TEST)
DATA	29/06/2026

Nº	Resposta
1	B
2	C
3	A
4	C
5	C
6	C
7	A
8	B
9	B
10	D
11	B
12	A
13	C
14	B
15	C

Nº	Resposta
16	A
17	B
18	C
19	B
20	A
21	B
22	B
23	B
24	B
25	B
26	D
27	C
28	B
29	D
30	C

Nº	Resposta
31	A
32	A
33	B
34	B
35	C
36	C
37	B
38	C
39	C
40	A
41	B Reserva
42	C Reserva
43	B Reserva
44	A Reserva
45	C Reserva

De conformidade co disposto na base xeral décimo sexta, as puntuacións obtidas no exercicio tipo test publicaranse na Sede electrónica da Deputación.

As persoas aspirantes terán un prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da plantilla coas respostas correctas, para presentar as reclamacións que consideren oportunas a través do formulario "Alegacións" dispoñible no seguinte enlace:

https://sede.depo.gal/web/public/catalog-detail/tramites-administrativos-genericos

Na data da sinatura electrónica

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):HW418KZXP29T3MB7